



# CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S



Illas británicas, século XVIII

## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

**David Hume**, filósofo empirista e ilustrado escocés, leva ás súas últimas consecuencias as teses defendidas por Locke e Berkeley sobre o papel que xoga a experiencia sensible no coñecemento.

A súa posición escéptica sinala os límites do coñecemento humano, que é relativo e probable, pero diferente do escepticismo clásico de Pirrón (século III a.C), que suspendía calquera afirmación sobre a realidade.

A forma de pensar de D.Hume e a súa actitude ante a vida evidencia dende mozo, interese por coñecer a natureza humana e unha actitude activa, cara á sociedade e a organización política.



Retrato de David Hume por Allan Ramsay, 1754.

## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

**David Hume** na obra autobiográfica *Mi vida*, escrita pouco antes da súa morte, conta que naceu nun pobo escocés, Ninewell, cerca de Edimburgo. A súa familia pertencía á *gentry* ou nobreza rural escocesa, vinculada ao mundo do Dereito (o seu pai era avogado) e ó puritanismo relixioso.



Edimburgo



Nado o 7 de Maio do 1711  
en Ninewell, Edimburgo.

## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

Estuda Dereito na Universidade de Edimburgo, aínda que as súas inclinacións sexan a Literatura e a Filosofía.



**Universidade de Edimburgo**

## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

Deixa por un tempo os estudos e no ano 1734 permanece uns meses en Bristol traballando nas oficinas dun importante comerciante da cidade. Pronto sente a necesidade de continuar os estudos e viaxa a Francia.



**Bristol**

## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

De 1734-37 permanece en Reims e en La Fleche de Anjou, onde traba relación co Colexio de xesuítas no que estudou Descartes, aquí escribe a súa primeira obra **Tratado da natureza humana.**

**La Fleche**

## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

Regresa a Londres no 1737 para preparar a publicación do **Tratado da natureza humana.**



**Londres, século XVIII**



## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

O **Tratado da natureza humana** é a primeira obra de David Hume, redactouna durante a súa estancia en La Fleche de Anjou (1734-37). Nesta última data, regresa a Londres para preparar a súa publicación.


O **Tratado** consta de tres volumes, os dous primeiros publicados no 1739 e o terceiro no 1740. Os títulos dos temas de cada un deles son:

*Libro I: Do entendemento*

*Libro II: Das paixóns*


*Libro III: Da moral*

Porén, a obra non tivo boa acollida, quizais pola redacción con frecuentes digresións ou talvez porque presenta un sistema filosófico, o caso é que publica un **Resumo**, de forma anónima, no que simplifica os puntos máis conflictivos da obra, aqueles de tipo gnoseolóxico, con especial atención ao problema da causalidade, con todo non conseguiu chamar a atención dos seus contemporáneos. A partires desta experiencia D. Hume non abordará en ningunha das súas obras un sistema filosófico o que non quere dicir que abandonara a súa filosofía en todas elas.



## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

Os ***Ensayos morales y políticos***, publicados en Inglaterra no 1742, tiveram um éxito tan grande que D.Hume , cando algún escrito menor seu non atopaba eco suficiente, incluíaio nalgunha edición dos ***Ensayos***.



David Hume



## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

Entre 1745-48 exerce varios cargos políticos entre eles o de secretario do Xeral St. Clair a quen acompañou nas embaixadas militares ás cortes de Viena e Turín.



Viena



Turín

## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

***Investigación sobre o entendemento (coñecemento) humano***, publicada en Londres no 1748 cando D. Hume exercía de secretario do xeral St. Clair e se atopaba en Turín, Italia. Esta obra aborda de forma máis sinxela a primeira parte do ***Tratado da natureza humana***.



**Londres**



## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

Na data do 1751, D. Hume opta, coa colaboración do seu amigo Adam Smith, á cátedra de Lóxica que deixara este último pola de Ética na Universidade de Glasgow. Sen embargo, os sectores relixiosos rexeitárono ata o extremo de cuestionar a situación de Adam Smith na Universidade. Como desagravio ofréceselle a praza de bibliotecario da Facultade de Dereito de Edimburgo, hoxe Biblioteca Nacional de Escocia




Universidad de Glasgow, Escocia



Biblioteca Nacional de Edimburgo, Escocia

# CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

No 1752 D. Hume exerce o cargo de Bibliotecario da Facultade de Dereito de Edimburgo e compón a primeira parte da **Historia de Inglaterra**. Nesta mesma data publícase a **Investigación sobre los principios de la moral**, na que fai unha reelaboración da segunda parte do **Tratado**, obra que el considera como o mellor dos seus escritos.



David Hume

## HISTORY OF ENGLAND

FROM

The Invasion of Julius Caesar

TO

THE ABDICATION OF JAMES THE SECOND,

1688.

BY DAVID HUME, ESQ.

A NEW EDITION,

WITH THE AUTHOR'S LAST CORRECTIONS AND IMPROVEMENTS

TO WHICH IS PREFIXED

A SHORT ACCOUNT OF HIS LIFE,

WRITTEN BY HIMSELF.

VOL. I.

BOSTON:  
PHILLIPS, SAMPSON, AND COMPANY.

1853

# Hume

Investigación sobre  
los principios de la moral

Edición de Enrique Ujaldón



## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

No 1763 David Hume exerce de Secretario do conde de Hartford na embaixada inglesa en París, onde permanece ata 1766, relacionase cos ilustrados franceses e sobresaie o seu carácter, alegre, agudo e irónico, nos salóns parisienses.




París, século XVIII


## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S



Denis Diderot



D'Alembert



Barón d'Holbach


Traba amizade cos ilustrados Diderot, D'Alembert e o barón d'Holbach e mantivo unha relación especial con Hyppolite de Saujon, condessa de Boufflers, que o felicitara pola súa *Historia de Inglaterra*.



Condessa de Boufflers



## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S



**Jean Jaques Rousseau**

De novo en Inglaterra, David Hume hospeda na súa casa a Jean Jaques Rousseau, pero a amizade e protección que lle brindou quedou seriamente danada, a causa do carácter sombrío deste último que o levou a acusar a Hume de ser o responsable de ridiculizalo cun escrito do que finalmente quedou demostrado a falsa autoría. Sen embargo, o acontecido tivo como consecuencia a ruptura entre ámbolos dous.

## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

No 1767 é nomeado subsecretario do Departamento do Norte da Secretaría de Estado, unha especie de ministro do Goberno para Escocia, cargo que non desexaba pero que acepta presionado polos amigos. Propúxoo para este cargo o xeneral Conwey que dimite do mesmo dous anos máis tarde, situación que lle permitirá a Hume regresar a Edimburgo.



David Hume

## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

D. Hume queda libre das súas obrigacións e regresa a Edimburgo, cobra unha pensión do rei Jorge III e entregase a revisión de distintas obras e a intentar publicar os *Diálogos sobre la religión natural*, escritos no 1752 pero sen posibilidade de publicalos debido ás presións dos sectores máis fanáticos da sociedade británica.



David Hume



Edimburgo



## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

O propio Hume na súa breve autobiografía, despois de aludir a enfermidade que padecía, escribe:

*Ahora cuento con una pronta disolución. He sufrido poquísimo a causa de mi mal; y lo más extraño es que a pesar de la gran decadencia de mi organismo, mi espíritu no ha tenido nunca un momento de abatimiento Si tuviera que decir que periodo de mi vida querría escoger para volver a vivirla, estaría tentado de indicar precisamente este último. Tengo todavía el mismo ardor que siempre he tenido en el estudio y me acompaña la misma alegría.*

David Hume

## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S

Cinco días antes da súa morte escribía á condessa de Boufflers:  
*Vejo sin ansiedad o pesar cómo la muerte se acerca gradualmente.*

David Hume finou en Edimburgo o 25 de agosto de 1776.



## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S



David Hume

Adam Smith á morte de Hume dixo no seu panexírico:

*Esa alegría de ánimo, tan agradable en la vida social, pero que suele ir acompañada de otras cualidades frívolas y superficiales, fue, en el caso de Mr. Hume, asistida por la más estricta aplicación, el más vasto conocimiento, la máxima profundidad de pensamiento y una amplísima capacidad en todos los órdenes del saber. En general, yo siempre consideré a Mr. Hume, tanto en su vida como después de su muerte, como alguien que estuvo tan próximo a la idea de lo que debe ser un hombre perfectamente sabio y virtuoso, como quizá la frágil naturaleza humana será capaz de permitir.*

Adam Smith



## CONTEXTUALIZACIÓN AUTOR-OBRA/S



A obra principal de David Hume é o ***Tratado sobre a natureza humana*** aínda que nas ***Investigacións sobre o entendemento humano*** e nas ***Investigacións sobre os principios da moral***, expoña de modo máis claro e conciso os temas esenciais daquela obra.

## Texto 1


*Todos os razoamentos referentes a materias de feito parecen estar fundados na relación de causa e efecto. Por medio desa única relación podemos ir máis aló da evidencia da nosa memoria e dos nosos sentidos. Se se lle preguntara a un home por que cre calquera cuestión de feito que non ten presente –por exemplo que o seu amigo está no campo ou en Francia– daría unha razón; e esta sería algún outro feito, como unha carta recibida ou o coñecemento dos seus propósitos e promesas anteriores. Un home que encontrase un reloxo ou calquera outra máquina nunha illa deserta, concluiría que unha vez houbo homes nesa illa. Todos os nosos razoamentos concernentes a feitos son da mesma natureza. E neles suponse constantemente que hai unha conexión entre o feito presente e ese que se infire del. Se non houbese nada que os ligase, a inferencia sería completamente precaria. Oír unha voz articulada e un discurso racional na escuridade garántenos a presenza dalgunha persoa: Por que? Porque estes son efectos de produción e fabricación humanas, estreitamente conectados con elas. Se analizamos todos os demais razoamentos desta natureza, atoparemos que están baseados na relación de causa e efecto, e que esta relación pode ser próxima ou remota, directa ou colateral. A calor e a luz son efectos colaterais do lume, e un efecto pode inferirse correctamente do outro. Polo tanto, se quixeramos satisfacernos no referente á natureza da evidencia que nos garante as cuestións de feito, deberíamos preguntarnos como chegar ó coñecemento da causa e do efecto. Aventurarei-me a afirmar, como proposición xeral que non admite excepcións, que o coñecemento desta relación non se acada en ningún caso por razoamentos a priori, senón que procede da experiencia, na que achamos que uns obxectos particulares calquera están continuamente unidos entre si. D. HUME; Investigación sobre o coñecemento humano, Sección IV (Dúvidas escépticas acerca das operacións do entendemento), Parte I.*



## ANÁLISE DO TEXTO

D. HUME; *Investigación sobre o coñecemento humano, Sección IV (Dúvidas escépticas acerca das operacións do entendemento), Parte I.*

### 1 TERMOS SIGNIFICATIVOS



### 2 ESTRUCTURA DO TEXTO

### 3 TEMA DO TEXTO

### 4 RESUMO


## Texto 2:

*Preguntaría gustosamente ós filósofos que derivaron tantos dos seus razoamentos da distinción entre substancia e accidente e imaxinaron que temos ideas claras acerca delas, se a idea de substancia debe ser derivada das impresións de sensación ou de reflexión. Se nos é proporcionada polos nosos sentidos, pregunto por cal deles e de que maneira. Se é percibida pola vista, debe ser unha cor; se polo oído, un son; se polo gusto, un sabor; e así para os outros sentidos. Pero non creo que alguén afirme que a substancia é unha cor, un son ou un sabor. A idea de substancia, se é que existe, debe logo derivarse das impresións de reflexión. Pero as impresións de reflexión divídense nas nosas paixóns e emocións, ningunha das cales é posible que represente unha substancia. Polo tanto, non temos ningunha idea de substancia distinta dunha colección de calidades particulares, nin nos referimos a outra cousa cando falamos ou razoamos sobre ela. A idea de substancia, así como a de modo, non é senón unha colección de ideas simples reunidas pola imaxinación e que teñen un nome particular asignado, polo cal somos capaces de recuperar, para nós mesmos ou para outros, ese conxunto. Pero a diferenza entre estas ideas consiste nisto: que as calidades particulares que forman a substancia se refiren normalmente a un algo descoñecido, ó cal son supostamente inherentes; ou aceptando que esta ficción non se produza, polo menos suponse que están conectadas de xeito próximo e indisoluble polas relacións de contigüidade e causalidade. O efecto disto é que calquera nova propiedade simple que atopemos que teña a mesma conexión co resto, inmediatamente a metemos entre elas, aínda que non estea na primeira concepción da substancia. Así, a nosa primeira idea do ouro pode ser que é de cor amarela, o peso, a maleabilidade e a fusibilidade, pero cando descubrimos a súa solubilidade en aqua regia, unímola ás outras calidades e supoñemos que pertence ó concepto de substancia como se a súa idea formase parte dela dende o principio. O principio de unión, sendo considerado como a parte principal da idea complexa, dá entrada a calquera calidade que se manifeste posteriormente, e é igualmente comprendido por ela como as outras que se manifestaron en primeiro lugar. **D. HUME**; Tratado da natureza humana, Libro I, Do entendemento, Parte I (Das ideas: a súa orixe, composición e abstracción), Sección VI (Dos modos e da substancia)*

# ANÁLISE DO TEXTO

**D. HUME;** *Tratado da natureza humana, Libro I, Do entendemento, Parte I (Das ideas: a súa orixe, composición e abstracción), Sección VI (Dos modos e da substancia)*

## 1 TERMOS SIGNIFICATIVOS



## 2 ESTRUCTURA DO TEXTO

## 3 TEMA DO TEXTO

## 4 RESUMO

